	MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, recorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.	<ul style="list-style-type: none"> Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, recorrido, desviación típica, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo. 			X	CMCCT	X	
	MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	<ul style="list-style-type: none"> Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas. 			X	CMCCT	X	

4º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIADOS POR TRIMESTRES			TEMPOR.			COMPE TENCI AS CLAVE (*)	INSTRUMENTOS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	1ª AV ALI ACI ÓN	2ª AV ALI ACI ÓN	3ª AV ALI ACI ÓN		probas escritas exerc. recollidos	Pregu ntas orais
B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.	<ul style="list-style-type: none"> Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos. 			X	CMCCT	X	
	MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	<ul style="list-style-type: none"> Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas. 			X	CMCCT	X	

A secuenciación será:

BLOQUES DE ESTÁNDARES	UNIDADE DO LIBRO DE TEXTO
BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA.	Unidade 1: Números racionais e irracionais. Unidade 2: Proporcionalidade numérica. Unidade 3: Polinomios. Unidade 4: Ecuacións e sistemas.
BLOQUE 3: XEOMETRÍA.	Unidade 5: Perímetros, áreas e volumes. Unidade 6: Semellanza. Aplicacións.
BLOQUE 4: FUNCÍONS.	Unidade 7: Funcións. Unidade 8: Gráfica dunha función.
BLOQUE 5: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE.	Unidade 9: Estatística e probabilidade.

1.1.1. 2º ESO. matemáticas recreativas.

Nas táboas que se mostran a continuación, empréganse as seguintes siglas :

O - Obxectivos Xerais

I.A. - Instrumentos Avaliación

i) Observación directa na aula

ii) Análise das producións individuais de cada alumno e alumna.

iii) Traballo en grupo- análise das producións grupais.

Comp - Competencias Clave

1º TRIMESTRE : XEOMETRÍA

O	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	I.A.	Comp
b, f, g, h, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Curvas planas notables: cicloide, cardioide, catenaria, espiral de Arquímedes, Clotoide. ○ Envoltentes de curvas: costura matemática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer distintas curvas planas notables como lugares xeométricos de puntos no plano, e coñecer as aplicacións prácticas. ▪ Recoñecer a envolvente dunha curva e construír a circunferencia, parábola, hipérbola e cardioide a partir das súas envoltentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica curvas planas notables e relaciónas coas súas descrições como lugar xeométrico de puntos no plano. • Constrúe a circunferencia, parábola, hipérbola e cardioide a partir de rectas por medio da costura matemática. 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe a espiral e a circunferencia a través da costura matemática 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
a, b, f, g, h, l, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Banda de Moebius 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a banda de Moebius e a súa presenza na arquitectura, na arte e no deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe unha banda de Moebius e coñece as súas propiedades 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe unha banda deseñada nunha banda de Moebius 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CCEC
b, f, g, h	<ul style="list-style-type: none"> ○ Caleidociclos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os caleidociclos 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe caleidociclos sinxelos • Recoñece caleidociclos de Escher 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe un caleidociclo 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CCEC
a, b, f, g, h, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Fractais. Autosimilitude. Conxunto de Cantor. Triángulo e tetraedro de Sierpinski. Esponxa de Menger. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer estruturas fractais coa propiedade de autosimilitude: o conxunto de Cantor, o triángulo e tetraedro de Sierpinski e a esponxa de Menger. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece estruturas fractais coa propiedade de autosimilitude. • Constrúe o triángulo de Sierpinski por medio de kirigami. • Constrúe a esponxa de Menger por medio de papiroflexia. 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe o triángulo de Sierpinski por medio de Kirigami. 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CCEC
2º TRIMESTRE: MATEMÁTICAS E ARTE							

O	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	I.A.	Comp
b, e, f, g, h, l, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Divina Proporción ○ Distintos tipos de números na Arte: Ouro e Prata. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer o rectángulo de Ouro e a súa aplicación na Arte nas distintas etapas da Historia ▪ Distinguir entre número de Ouro e Prata 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o Rectángulo de Ouro e sabe atopalo en diferentes manifestacións artísticas: Pintura, Escultura, Arquitectura e tamén na Natureza e no Corpo Humano. • Distingue a proporción empregada na Arte: o número de Ouro e Prata 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica rectángulos áureos 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCC T • CD • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
b, e, f, g, h, l, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Xeometría na Arte a través do tempo ○ Xeometrización dos Pintores, Escultores e Arquitectos ○ Xeometrización no Deseño, Moda, Cómics... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer a importancia da xeometría na Arte a través de pintores como Mondrian, Doesburg, Van der Leck e outros ▪ Analizar a maneira en que xeometrizan pintores como Van der Leck, Doesburg e outros ▪ Coñecer a xeometrización no mundo da Moda, o Deseño de artigos cotiás e Logos das diferentes empresas 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e distingue a importancia da xeometría na Arte estudando obras de pintores de todos os tempos. • Analiza xeometricamente sen dificultade as obras de pintores como Mondrian, Van der Leck ou Doesburg • É capaz de xeometrizar coma os pintores un caso sinxelo • Coñece a xeometrización empregada no deseño de Logos de marcas, no mundo da Moda e no Cómico 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Xeometriza cadros sinxelos 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCC T • CD • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
a, b, e, f, g, h, l, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Teselacións. A obra de Escher 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Construír diferentes tipos de teselacións ▪ Coñecer e analizar a obra de Escher 	<ul style="list-style-type: none"> • É capaz de construír teselacións a partir de polígonos regulares sinxelos • Coñece e analiza a obra de Escher 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe teselacións sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCC T • CD • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
b, f, g, h, n	<ul style="list-style-type: none"> ○ Anamorfofos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer diferentes tipos de anamorfofos ▪ Construír anamorfofos sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o concepto de anamorfose • Constrúe anamorfofos cilíndricos sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> • 25% 	<ul style="list-style-type: none"> • Constrúe anamorfofos sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> • i) • ii) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCC T • CAA • CSIEE • CCEC

3º TRIMESTRE: XOGOS DE LÓXICA E ESTRATEXIA

O	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	I.A.	Comp.
b, f, g, h	<ul style="list-style-type: none"> Torres de Hanoi. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver con eficacia e no tempo estipulado o xogo. Coñecer a relación do número mínimo de movementos: $2^n - 1$, sendo n o número de discos na torre de Hanoi 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve con eficacia e no tempo estipulado o xogo. Coñece a relación entre o número de discos e o número mínimo de movementos. 	<ul style="list-style-type: none"> 25% 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve o xogo co número mínimo de movementos para 4 discos. 	<ul style="list-style-type: none"> i) 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCC T CAA CSIEE CCEC
b, f, g, h	<ul style="list-style-type: none"> Policubos Cubo Soma e Cubo de Steinhaus 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os policubos Resolver o Cubo Soma e o Cubo de Steinhaus 	<ul style="list-style-type: none"> Constrúe diferentes tipos de policubos Coñece e resolve o Cubo Soma e o Cubo de Steinhaus 	<ul style="list-style-type: none"> 25% 	<ul style="list-style-type: none"> Constrúe policubos Constrúe e resolve o Cubo Soma 	<ul style="list-style-type: none"> i) 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCC T CAA CSC
b, f, g, h	<ul style="list-style-type: none"> Edificios matemáticos 	<ul style="list-style-type: none"> Elixir a estratexia para resolver o xogo Elaborar diferentes escenarios para o xogo 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve o xogo Edificios matemáticos Elabora diferentes escenarios para o xogo 	<ul style="list-style-type: none"> 25% 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve o xogo e elabora un escenario do xogo 	<ul style="list-style-type: none"> i) ii) 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCC T CAA CSC
b, f, g, h	<ul style="list-style-type: none"> O salto da ra 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar e resolver o xogo do salto da ra nun mínimo de movementos Deducir que o número de movementos é $\frac{n(n+1)}{2}$, sendo n o número de fichas de cada grupo de ras. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e resolve o xogo nun número mínimo de movementos Relaciona o número de fichas co número de movementos para resolvelo 	<ul style="list-style-type: none"> 25% 	<ul style="list-style-type: none"> Constrúe e resolve o xogo para 3 fichas 	<ul style="list-style-type: none"> i) ii) 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCC T CAA CSC CCEC

NOTA: As posibles modificacións na secuenciación e/ou temporalización de estándares, no deseño de actividades, así como calquera outra modificación que poida xurdir ao longo do curso académico iranse reflexando nas actas de departamento.

1. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas basearase nos seguintes principios:

- Ao comezo de cada unidade realizarase unha introdución, destacando as habilidades que se adquiriran ao longo da mesma. Pode resultar moi motivador amosar ao principio da unidade o tipo de problemas que o alumno/a será capaz de resolver ao final, poñendo de manifesto a complexidade a priori dos mesmos.
- **Ao principio daquelas unidades que dependan fortemente de coñecementos previos** (de unidades ou cursos previos) realizarase unha sondaxe para determinar se o nivel é suficiente e, en caso contrario, tomar as seguintes medidas:
 - Realizar actividades de repaso antes de comezar a unidade.
 - Aproveitar o momento no que entren en xogo os devanditos coñecementos previos para deterse nos mesmos e aproveitar para repasalos. Esta será a opción preferible, pois a aprendizaxe será sen dúbida máis integrada e significativa.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posible, tratando de que o alumnado interveña activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta do libro de texto ou outro material por parte do alumnado, estudo a través de contido dixital interactivo, aprendizaxe por descubrimento, etc.
- Ao final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.
- O profesorado garantirá que o alumnado coñeza a resolución completa de todas as actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida ao respecto.
- Naquelas unidades que se presten, realizaranse prácticas de uso da calculadora e, en función da dispoñibilidade das aulas de informática, de manexo de folla de cálculo, software de cálculo simbólico, software de xeometría dinámica, etc. *sempre en función da dispoñibilidade do material necesario*, por parte do centro no ensino presencial, e por parte do alumnado no ensino non presencial.
- Cando se considere adecuado fomentarse que os alumnos preparen e expoñan ante os seus compañeiros, con todo detalle, algún exercicio, demostración ou dedución especialmente interesante e suficientemente

asumible. En tales casos anunciarase como mínimo na clase anterior, indicando a cuestión concreta que será obxecto de exposición minuciosa. Insistirase en que o alumnado expoña de forma didáctica e para iso preparen adecuadamente a intervención.

- Prestarase atención a traballar a expresión e comprensión verbal de conceptos, estratexias e procedementos. Para iso poderase, cando se considere oportuno, entre outras cousas:
 - Intercalar de vez en cando algún exercicio, non para ser resolto numericamente, senón para que se describa con palabras a estratexia de resolución.
 - Preguntar de forma oral conceptos, procedementos, etc.
 - Seleccionar algún exercicio para, no canto de corrixilo escribindo no taboleiro, facelo de palabra (podendo ser dicindo cales son os resultados intermedios dos cálculos que se escriben, así coma o resultado final). Esta corrección será feita en ocasións polo profesorado e en outras por algún alumno/a.
- Está previsto que unha parte dos estándares de aprendizaxe sexan avaliados mediante a observación de exercicios e/ou problemas ou exposicións teóricas de conceptos, procedementos e/ou estratexias de resolución. Os alumnos/as deberán coñecer con antelación se nunha clase se vai calificar algunha pregunta ou exercicio por escrito a todo o alumnado do grupo.
- Realizaranse actividades de reforzo e recuperación e exames de recuperación da materia non superada.
- Realizaranse actividades de ampliación que permitan afondar en contidos xa traballados e para atender ó alumnado de altas capacidades, de ser o caso.

1. Espazos, materiais e recursos didácticos.

1.1. Espazos.

Os espazos cos que se conta son:

- Aula de referencia do grupo.
- No centro contamos con dúas aulas con ordenadores, que poderán ser empregadas na materia .

- Aula “ mirador” , acondicionada especialmente con mobiliario e recursos para dinámicas en grupo e exposicións e representacións.
- Aula do polo creativo, en creación durante este curso.
- Poderase utilizar a Biblioteca Escolar para ter acceso aos libros relacionados coas matemáticas dispoñibles na mesma, que son suficientes e variados dado as sucesivas adquisicións que se levaron a cabo por parte do departamento. Disponse tamén de ordenadores, proxector e impresora na Biblioteca para cumprimentar traballos ou procura de información.
- En conserxería o alumnado pode imprimir os seus traballos, inda que dende o departamento se fomentará en todo momento, sempre na medida en que sexa posible, que sexan entregados en formato dixital* a través da aula virtual do centro, de correo electrónico ou entregándollo ao profesor ou profesora nunha unidade de almacenamento externo, de acordo coa forma en que se establecera previamente a entrega do traballo.

1.1. **Materiais e recursos didácticos.**

Nas clases, poderemos empregar os seguintes recursos e dinámicas didácticas:

- Clases expositivas,
- Tormenta de ideas,
- Aprendizaxe cooperativo,
- Discusión grupal,
- Seguimento razoado,
- Traballo persoal na casa,
- Uso da aula TIC mediante software: Cabri, aplicacións informáticas, programa Descartes, Geogebra etc.,
- Paneis expositivos,
- Presentacións multimedia,
- Creacións con material de debuxo,

Contando con:

- Coleccións de figuras de corpos xeométricos, en distintos formatos,
- Libro de texto de Matemáticas da editorial Santillana,
- Libros de consulta de SM, Anaya etc.,

- Aula virtual,
- Websites,
- Vídeos educativos ou películas que relacionen a matemática coa vida cotiá,
- Recursos que dote a administración para o polo creativo.,
- Impresora 3d .

Consideramos o libro de texto, sexa en soporte de papel como dixital, unha ferramenta importante de transmisión e asimilación de contidos. Primordialmente é unha ferramenta de traballo na casa coa que o alumnado pode reforzar os conceptos adquiridos nas clases, ben sexa repasando unha explicación ou facendo os exercicios.

Os libros de texto considerados polo Departamento a tal efecto son os seguintes:

- Matemáticas. 2º ESO. Serie Resuelve. Proyecto Saber Hacer. Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-2894-1
- Matemáticas. Enseñanzas Académicas 4º ESO Serie Resuelve. ISBM: 978-84-680-4040-0. Editorial Santillana.
- Matemáticas. Enseñanzas Aplicadas 4º ESO. Serie Soluciona. ISBM: 978-84-680-4006-6. Editorial Santillana.

Aparte de ditos libros, o departamento conta con diversos cadernos de traballo para reforzo, e cadernos adaptados para alumnado con necesidades educativas especiais, ademais de diverso material dispoñible na aula virtual para cada curso e grupo.

Na materia de matemáticas recreativas non haberá libro de texto. Facilitaráselle ao alumnado material de apoio para a elaboración dos traballos e o bo seguimento das clases.

A Biblioteca do centro dispón de un conxunto de obras literarias con temática en torno ás matemáticas. Propoñendo a lectura de estas obras pretendemos abordar o método dedutivo e o razoamento dende outra canle distinta da linguaxe matemática usada nas clases, así como axeitar problemas matemáticos a realidade social ou ao mundo imaxinario das obras literarias.

Na biblioteca do centro cóntase cos seguintes exemplares:

Título: **La rebelión de los números**. Autor: Antonio de la Fuente.

Título: **La fórmula preferida del profesor**. Autor: Yoko Ogawa. Editorial: Funambulista.

Título: **Aventuras matemáticas: En busca del código secreto**. Autor: Constantino Ávila. Editorial: Brief.

Título: **La sorpresa de los números**. Autor: Anna Cesaroli. Editorial: Maeva.

Título: **La incógnita Newton**. Autor: Catherine Shaw. Editorial: Roca.

Título: **El asesinato del profesor de Matemáticas** Autor: Jordi Serra i Fabra.

Editorial: Anaya 2000.

Título: **El diablo de los números**. Autor: Hans Magnus Enzesberger. Editorial: Siruela.

Título: **El matemático del rey**. Autor: Juan Carlos Arce. Editorial: Planeta, 2000.

Título: **El señor del cero**. Autor: M^a Isabel Molina. Editorial: Santillana, 2002.

Título: **El teorema del loro**. Autor: Denis Guedj. Editorial: Anagrama, 2000.

Título: **El tío Petrus y la Conjetura de Goldbach**. Autor: Apostolos Doxiadis.

Editorial: Ediciones B, 2000.

Título: **La medida de todas las cosas**. Autor: Ken Alder. Editorial: Taurus, 2003.

Título: **La selva de los números**. Autor: Ricardo Gómez. Editorial: Santillana, 2002.

Título: **Malditas Matemáticas**. Subtítulo: Alicia en el país de los números. Autor: Carlo Fabretti. Editorial: Santillana, 2002. Colección: Alfaguara.

Título: **¡Ojalá no hubiera números!**. Autor: Esteban Serrano Marugán. Editorial: Nivola, 2002. Colección: El rompecabezas, nº 4.

Entregaráselles ademais, cando se estime oportuno, lecturas extraídas destes mesmos libros ou doutros, así como de cómics ou noticias de prensa que serán lidas na aula e onde terán que analizar ou comentar o contido para así traballar a comprensión lectora e a comunicación lingüística.

1. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

1.1. Instrumentos de avaliación.

Considéranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- **Exames de avaliación:** en cada avaliación realizaranse *como mínimo dous exames parciais escritos por avaliación*, nos que poderán aparecer:
 - Exercicios: actividades que poñan de manifesto se o alumno/a sabe aplicar coa suficiente destreza os conceptos, operacións, fórmulas, propiedades e procedementos estudados.
 - Problemas: actividades non mecánicas para as que se precise combinar as habilidades e coñecementos anteriores cunha certa estratexia de resolución.
 - Cando se considere apropiado incluíranse exercicios para expresar e/ou explicar propiedades, fórmulas, procedementos ou a estratexia de resolución dun problema dado.

Na parte superior de todos os exames incluírase unha lenda similar á seguinte:

No
anexo
da

Recuérdese que **en todo el examen se exige:**

-Que la presentación sea clara y la expresión correcta.

-Que se realice a bolígrafo azul o negro; no se admite utilizar otros colores de bolígrafo ni el uso de lápiz.

-Que todo esté convenientemente razonado.

-Que figure la solución con claridad.

Se permite/ no se permite calculadora.

programación figura a rúbrica R1.

- **Notas de clase.** Enténdese por “notas de clase” a un conxunto de notas de producións do alumno/a , que *poden ser* exercicios curtos, problemas e/ou exposicións breves de conceptos, procedementos ou estratexias de resolución.

No caso de Matemáticas Recreativas, en cada avaliación puntuaranse as producións do alumnado.

No anexo da programación figura a rúbrica R3.

1.1. **Cualificación.**

1.1.1. **Criterios de cualificación.**

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación.

O 70% da nota da avaliación estará conformada pola media aritmética probas escritas, non podendo superar en ningún caso o 50% do valor ningunha das notas das ditas probas escritas.

O 30% obterase das notas de aula, que inclúe a avaliación dos criterios correspondentes á Unidade 13 e que se avaliarán a través de:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Se a nota de avaliación así obtida é cinco ou maior que cinco o alumno/a aprobará a avaliación, e a nota redondearase ao enteiro mais próximo.

A nota final do curso obterase redondeando a media aritmética das notas das tres avaliacións.

1.1.2. **Criterios de recuperación.**

Ao longo do curso, o alumnado que non supere unha avaliación, poderá recuperala ao final da mesma.

O alumnado fará unha proba escrita de recuperación de cada unha das probas non superadas en dita avaliación. A nota, unha vez feita a recuperación, calcularase do xeito indicado no apartado anterior, tomando como nota da proba escrita a maior entre a nota inicial e a da recuperación e mantendo as notas de aula.

Se todas as probas escritas están superadas, pero a nota de avaliación resultante é menor ca cinco, o alumno/a recuperará a avaliación subindo nota na proba na que obtivese menor nota, ou no caso de ter a mesma nota en todas, na que elixa o alumno/a. Para calcular a nota da recuperación collerase a maior das notas entre a proba escrita inicial e a recuperación.

Se xa feitas as recuperacións por avaliacións a nota final do curso é menor que cinco, o alumno/a fará unha proba escrita de recuperación de toda a materia de cada avaliación suspensa. Esta proba estará cualificada cun máximo de dez puntos, realizarase despois das recuperacións da terceira avaliación e a nota obtida nela substituirá á nota da correspondente avaliación suspensa, e terase en conta para o novo cálculo da nota media de final do curso se é superior a esta. O alumno/a superará o curso se a nova nota media final é cinco ou superior a cinco. Un alumno/a poderá subir nota final presentándose á recuperación da avaliación na que teña menor nota, e a nota obtida terase en conta se é maior que a xa existente.

7.2.3. Matemáticas Recreativas.

7.2.3.1. Cualificación por avaliacións.

No caso da materia Matemáticas Recreativas, en cada avaliación avaliaranse sobre dez puntos as producións do alumnado, e a nota da avaliación obterase facendo a media das notas obtidas en cada unha das producións.

Para recuperar unha tarefa ao alumno/a entregaráselle unha nova tarefa, de características similares, que deberá entregar en forma e prazo, nun novo prazo establecido polo profesor ou profesora.

7.2.3.2. Cualificación final.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións redondeada ao enteiro máis próximo e o alumno/a aprobará o curso se é maior ou igual ca cinco.

No caso en que sexa menor que cinco o alumno/a entregará de novo as tarefas **de cada avaliación suspensa nas que tivera nota menor que cinco**, no prazo indicado pola profesora, ao final da terceira avaliación. Farase de novo a media aritmética téndose en conta as notas das tarefas entregadas para recuperar.

7.2.4. Anexo. Procedementos .

Procedemento no caso de entrega de producións do alumnado fóra de prazo.

No caso de que o profesor ou profesora solicite a entrega dunha produción do alumnado (tarefa, exercicio, proxecto...) e esta non sexa entregada en forma e prazo (sen ser debidamente xustificado), a cualificación de dita tarefa será dun 20% menos cada sesión de retraso, aceptándose un máximo de dous días de retraso; se a tarefa se entrega mais alá de dous días fora de prazo, a puntuación será de cero puntos.

Procedemento no caso de que un alumno ou alumna non asista a un exame de convocatoria ordinaria.

No caso de que un alumno/a non asista a un exame, e a ausencia e/ou retraso sexan debidamente xustificados, terá opción de facelo noutra data consensuada co profesor ou profesora, sempre que isto sexa posible.

Procedemento no caso de detectar que un alumno ou alumna copie nun exame.

No caso de que un profesor ou profesora teña evidencias claras de que un alumno ou alumna está copiando nun exame, farase constar, o alumno/a parará de facer o exame e automaticamente, retirarásele e a nota que se lle porá será de cero. O alumno/a presentarse á recuperación establecida para ese exame.

No caso de que se copiase coa participación de outro alumno ou alumna, actuarase con dito alumno ou alumna do mesmo xeito.

Esta medida será válida para a copia, plaxio, usurpación de identidade ou calquera outra falsificación detectada en calquera instrumento de cualificación: traballos individuais ou en grupo, exames, exposicións,...

2. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.

As ferramentas que permiten unha avaliación continua do proceso son:

- As notas de clase obtidas diariamente que irán dando unha idea do progreso dos alumnos, e polo tanto, da eficacia da metodoloxía, a tempo para poder actuar.
- Cada profesor/a tomará nota de todas as observacións relevantes que se produzan ao longo do proceso referentes a:
 - ✓ Dificultades detectadas na comprensión dos conceptos. Propostas de mellora.
 - ✓ Proposta de novas actividades ou tarefas.
 - ✓ Conveniencia de realizar máis actividades sobre algunha cuestión ou de eliminar outras.
 - ✓ Propostas para mellorar o deseño das unidades didácticas.
 - ✓ Novas propostas metodolóxicas.
 - ✓ Observacións sobre a programación didáctica e propostas de mellora.

Estas observacións e propostas, cando existan, serán tratadas na seguinte reunión do Departamento. De haber acordo ao respecto, poderanse introducir novos acordos metodolóxicos na práctica docente e/ou deixar constancia

na acta da reunión, para que sexan tidas en conta para a elaboración da sección "AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROPOSTAS PARA A REVISIÓN" da Memoria Final do Departamento.

Realizarase unha avaliación continua do proceso do ensino e da práctica docente considerando:

1. Lévese a cabo a temporalización.
Instrumento: acta mensual de departamento. Relación de unidades impartidas.
2. O nivel de dificultade está sento adecuado ás características do alumnado.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a.
3. Conséguese motivar para lograr a actividade do alumnado.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a.
4. Cóntase co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Instrumento: rexistro das sesións de tutorías coas familias.
5. Mantense un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Instrumento: citas de tutoría.
6. Atendese adecuadamente á diversidade do alumnado.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a do alumnado con necesidades educativas específicas.
7. Empréganse distintos instrumentos de avaliación.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a coas notas de cada produción do alumnado avaliada.
8. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a coas notas das "notas de clase"
9. Valórase adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a coas notas das "notas de clase" referidas a traballos en grupo.
10. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Instrumento: programación de aula do profesor/a.
11. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con Necesidades Específicas.
Instrumento: caderno de notas do profesor/a.
12. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Instrumento: programación de aula do profesor/a.
13. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Instrumento: programación de aula do profesor/a.

14. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.

Instrumento: programación de aula do profesor/a.

15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

Instrumento: caderno de notas do profesor/a .

16. Os programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación están sendo eficaces.

Instrumento: caderno de notas do profesor/a coas notas das “notas de clase”

Desta información poderá sacarse unha conclusión final que poderá reflexarse na acta final de departamento.

1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

1.1. Deseño da avaliación inicial. Medidas a adoptar como consecuencia dos resultados.

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita en cada grupo (salvo na materia de Matemáticas recreativas), coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

No caso de detectar alumnos con dificultades claras ou maior capacidade, tomarase nota para tratalo na Avaliación Inicial do grupo co obxecto de tomar as medidas globais oportunas.

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2022/2023 e dos resultados da avaliación inicial, consideraranse o reforzo dos elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.

1.2. ***Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.***

Realizarase un **exame escrito de toda a materia no mes de febreiro** e a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo. No caso de ser cinco ou superior a cinco, considérase que a materia está aprobada.

No caso de que a nota sexa inferior a cinco, farase un **exame de toda a materia no mes de abril**, onde de novo a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo, e no caso de ser cinco ou superior a cinco se considerará que a materia está aprobada.

O alumnado que despois da terceira avaliación teña a materia sen recuperar, terá un exame de toda a materia nos días comprendidos entre a terceira avaliación e a avaliación final, onde de novo a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo, e no caso de ser cinco ou superior a cinco se considerará que a materia está aprobada.

As datas dos exames das materias pendentes serán comunicadas coa suficiente antelación, e cada profesor/a recordarallo ao alumnado con materias pendentes da súa clase.

Cada profesor/a é o responsable do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores que teña na súa clase, proporcionando tanto material de repaso como axuda e apoio para a preparación das probas.

2. Medidas de atención á diversidade.

Atenderase a diversidade coas seguintes medidas:

- Atenderase ao alumnado detectado con diagnósticos concretos de distintas problemáticas de aprendizaxe atendendo aos protocolos establecidos pola administración.
- Ofrecerase sempre apoio individual ao alumnado, por exemplo o que así o demande antes dunha proba escrita, ao alumnado que faltou por enfermidade, etc.
- Traballarase actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que teñan dificultades.
- Nas actividades cooperativas, os agrupamentos serán heteroxéneos de forma que o alumnado poda reforzarse entre si.
- No uso das tecnoloxías TIC empregaranse aplicacións que permitan avanzar ao alumnado ao seu ritmo, favorecendo así a diversidade. Sempre se fará unha sondaxe previa, cando o emprego das novas tecnoloxías non sexa no centro, da dispoñibilidade polo alumnado desas ferramentas tecnolóxicas e tentarase, sempre na medida do posible, axudarlle a dispoñer delas.
- Traballarase actividades de ampliación e motivación con aqueles alumnos/as que se identifiquen de altas capacidades.

Despois da avaliación inicial reunirase o departamento coa profesora de Pedagogía Terapéutica e coa Orientadora para valorar a necesidade de reforzo ou de elaborar adaptación curricular aos casos que se

consideren necesarios tratar, e como realizar eses reforzos: polo profesor ou profesora da materia, coa axuda da PT, coa axuda doutro profesor ou profesora do departamento...

O alumnado que presente maiores dificultades en 1º e 2º da ESO terá reforzo (está exento de francés) coa profesora de Pedagogía Terapéutica . Durante esas clases reforzaranse os estándares de aprendizaxe dos bloques 2, 3, 4 e 5 xa vistos en clases anteriores mediante exercicios e problemas prácticos, de forma que entre a profesora da materia e a profesora PT poidan facer una atención individualizada ao alumnado.

1. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.

Dende o departamento de matemáticas, como parte do centro educativo, preténdese axudar á construción dunha **sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional**, desenvolvendo o principio de igualdade de oportunidades e a prevención de violencia de xénero. Traballarase sempre cun modelo de **escola coeducativa** e terase como obxectivo transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favoreza a identificación e o recoñecemento de todos os saberes mais alá do xénero. Promoverase o respecto pola diversidade afectivo-sexual, e estarase atento a posibles casos de violencia de xénero ou LGTB + fobia.

Con ese obxectivo, dende o departamento:

1. Revisase continuamente os distintos materiais cos que se traballa, dende un punto de vista dunha linguaxe coeducativa, empregando unha linguaxe inclusiva e igualitaria: tense coidado por exemplo naqueles enunciados de problemas nos que se asocian aos homes unhas actividades e/ou profesións técnicas e ás mulleres outras baseadas no coidado ; traballarase por exemplo con enunciados nos que os homes sexan enfermeiros, coidadores, ... e compartan o coidado dos fillos e do fogar, promovendo a corresponsabilidade na realización das tarefas, e as mulleres sexan matemáticas, físicas, enxeñeiras...
2. Empréganse contidos de actualidade de xornais dixitais ou en papel, blogues ou páxinas web, para analizar os datos e sacar conclusións e sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real e para promover o respecto cara a diversidade sexual e de xénero facendo: enquisas sobre a muller no mercado laboral, o home nas profesións relativas ao coidado, a muller no mundo da ciencia e a robótica, as vocacións científicas temperás en nenos e nenas.
3. Empréganse lecturas coeducativas, a través da biblioteca escolar e de outras canles.

4. Promóvese a cooperación nos espazos tecnolóxicos, como son as aulas de informática, entre alumnos e alumnas, e ánimoase especialmente ás alumnas a formarse en novas tecnoloxías, afianzando novas vocacións en TIC.

Faranse tamén actividades nas que se manexen datos estatísticos reais que dean pé a unha reflexión común posterior sobre as distintas violencias na sociedade.

Sempre que se detecten nos alumnos ou alumnas actitudes que vaian en contra dos principios anteriores, é necesario deterse a valorar con eles este tipo de actitudes e mesmo promover un debate ó respecto. O profesor debe ter un comportamento tolerante e flexible, prestándose con frecuencia a discutir cos alumnos e alumnas aquelas cuestións que sexan negociables a propósito de normas, metodoloxía, etc.

A comprensión lectora, expresión oral e escrita e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación serán traballadas mediante as medidas concretas especificadas nas seccións de metodoloxía e avaliación.

1. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

O departamento ten previsto participar en todas as actividades de carácter xeral que se organicen no centro. Así mesmo ten previsto convocar, na medida do posible, os seguintes concursos:

1. **“Desafíos Matemáticos”**, onde o alumnado resolve distintos desafíos matemáticos semanais, durante un trimestre, que se propoñen dende o departamento.
2. **“Fotografía Matemática”**, na que se premia a mellor fotografía que o alumnado presente relacionada con conceptos matemáticos.
1. **“Xincana de mulleres científicas”**, no entorno do día da muller científica, onde o alumnado completará unha serie de cuestións a partir de carteis de mulleres matemáticas, carteis que posúe o departamento. O alumnado revisa en diversos carteis sobre mulleres científicas ao longo da historia tanto a súa vida como a súa obra científica así como a dificultade para facela visible no seu momento. Preténdese así incluír nas actividades do departamento as mulleres científicas relevantes e que o alumnado visualice as desigualdades de xénero ao longo da historia da humanidade, e que revise os seus esquemas mentais sobre os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres.

2. **Concurso de vídeo “Galematízate”** . O obxecto de “Galematízate” é a realización de **vídeos nos que se aborde un tema relacionado coas matemáticas**, ben desde un punto de vista formal (definición dun concepto, un teorema, idea intuitiva e/ou aplicación), **ou ben, cun carácter divulgador**, reflectindo como se utilizan as matemáticas na vida cotiá, na cultura, na arte ou na sociedade. Os vídeos deben ter unha duración de **entre 1:30 e 2:30 minutos** e vehicularse **en galego**.
1. **Concurso de esopías**, con motivo do Día das Letras Galegas, no que as/os participantes presentarán unha esopía inédita, en galego, segundo unha guía que se acompañará na convocatoria, e tendo en conta a definición desta: *Esopía é un relato, comentario ou poema, cun máximo de 140 caracteres , onde cada palabra leva un número de letras (non está permitido o uso de cifras) igual ás sucesivas cifras do número π* . A esopía terá un mínimo de cinco palabras.
2. Talleres de **“Robótica, escaneado e impresión 3D”**.

1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para a revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- ✓ **Indicador de logro 1: *Grado de incorporación do alumnado ao nivel que lle corresponde polo curso no que está matriculado.***
Instrumento: Resultados do alumnado coa materia pendente do curso anterior.
Porcentaxe fixado como obxectivo: >70% de aprobados/as.
- ✓ **Indicador de logro 2: *Grado de adquisición das capacidades correspondentes á materia.***
Instrumento: resultados da avaliación ordinaria.
Porcentaxes fixadas como obxectivos: >70%
- ✓ **Indicador de logro 3: *Grado de mellora do alumnado con reforzo.***
Instrumento: Resultados do alumnado ao que se lle prestou reforzo específico e continuado dentro o fora da aula ao longo do curso.
Porcentaxe fixado como obxectivo: >40% de aprobados/as.
- ✓ **Indicador de logro 4: *Abandono da materia.***

Instrumento: caderno do alumnado e probas escritas.

Porcentaxe fixado como obxectivo: <10% na terceira avaliación.

Os resultados dos indicadores citados, así como as medidas que decida o Departamento de Matemáticas a raíz dos resultados, serán reflectidos na memoria final de curso.

O Grove, 16 de setembro de 2022.

Asinado:



A Xefa de Departamento.

Ana María Fernández Barros

Apéndice . RÚBRICAS.

RÚBRICA R1 PARA A CORRECCIÓN DAS PREGUNTAS DUN EXAME						
(% sobre a puntuación máxima da pregunta)						
	100%	90%	75%	50%	25%	0%
Exercicio	Proceso correcto e suficientemente detallado. Resultado correcto.	Proceso correcto e suficientemente detallado. Erro trivial nos cálculos. (-10% adicional por cada novo pequeno erro nos cálculos)	Proceso correcto pero: -Insuficientemente detallado OU -Un erro significativo nos cálculos, OU -Non figura con claridade cal é a solución.	Proceso incorrecto ou incompleto, pero unha parte significativa é correcta, suficientemente detallada e ben expresada.	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha pequena parte significativa é correcta e está suficientemente detallada.	-Non o fai ou o que fai non ten sentido, OU -Ningunha parte significativa do proceso é correcta, OU -Máis dun erro significativo nos cálculos, OU -Dáse unha solución sen xustificación.
Problema	Proceso correcto e ben detallado con boa expresión. Resultado correcto, interpretando o resultado dos cálculos no contexto do problema.	Proceso correcto e ben detallado con boa expresión. Pequeno erro nos cálculos, pero que non produce un resultado absurdo para o problema. Interpretase o resultado dos cálculos	Proceso correcto pero: -Insuficientemente detallado, OU -Un erro significativo nos cálculos ou varios pequenos, OU	-Proceso incorrecto ou incompleto pero unha parte significativa é correcta, suficientemente detallada e ben expresada. OU	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha pequena parte significativa é correcta e está suficientemente detallada.	-Non o fai ou o que fai non ten sentido, OU -Ningunha parte significativa do proceso é correcta, OU

		no contexto do problema. (-10% adicional por cada novo pequeno erro nos cálculos)	-Algún pequeno erro nos cálculos que producen un resultado imposible, desproporcionado ou absurdo no contexto do problema, OU -Non figura con claridade cal é a solución no contexto do problema, especificando unidades.	-Proceso correcto pero máis dun erro significativo nos cálculos.		-Dáse unha solución sen xustificación.
Cuestión teórica ou Explicación	Resposta correcta, ben expresada e suficientemente detallada.	Resposta correcta e suficientemente detallada, pero con algún erro pequeno na expresión (algunha frase gramaticalmente mal construída, lixeiramente inexacta, etc.)	Resposta correcta pero: -Insuficientemente detallada. OU -Expresada de forma deficiente, sen conter afirmacións ou razoamentos falsos de envergadura.	Resposta incompleta ou non completamente correcta pero unha parte significativa é correcta e está ben expresada.	Demóstrase comprender a esencia da cuestión pero a forma na que está expresada contén afirmacións falsas.	Non responde ou o que responde non ten sentido, OU Contén afirmacións ou razoamentos manifestamente falsos de envergadura.

RÚBRICA R2 PARA A CORRECCIÓN DE PRODUCCIÓN CURTAS PUNTAIS ORAIS OU ESCRITAS.					
	0 PUNTOS	[0,0.25) PUNTOS	[0.25,0.5) PUNTOS	[0.5,0.75) PUNTOS	[0.75, 1] PUNTOS
Exercicio	Non o fai OU O que fai non ten sentido. OU Ningunha parte significativa do proceso é correcta. OU Máis dun erro significativo nos cálculos. OU Dáse unha solución sen xustificación	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha pequena parte significativa é correcta, minimamente detallada e cunha expresión aceptable.	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha parte significativa é correcta, medianamente detallada e cunha expresión aceptable.	Proceso correcto pero: Insuficientemente detallado OU Un erro non significativo nos cálculos.	Proceso correcto e perfectamente detallado.
Problema	Non o fai ou O que fai non ten sentido. ou Ningunha parte significativa do proceso é correcta. ou Dáse unha solución sen xustificación	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha mínima parte significativa é correcta, minimamente detallada e cunha expresión aceptable.	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha parte significativa da resolución correcta, suficientemente detallada e ben expresada.	Proceso correcto e ben detallado con boa expresión. Resultado correcto, ou incorrecto por erros non significativos. Non interpreta o resultado dos cálculos no contexto do problema ou non o fai correctamente.	Proceso correcto e ben detallado con boa expresión. Resultado correcto, interpretando correctamente o resultado dos cálculos no contexto do problema.
Cuestión teórica ou Explicación verbal	Non responde ou O que responde non ten sentido ou Contén afirmacións ou razoamentos manifestamente falsos de envergadura.	Resposta incompleta . Unha parte mínima é correcta. Demóstrase comprender a esencia da cuestión pero a forma na que está expresada contén afirmacións falsas ou incompletas.	Resposta incompleta ou non completamente correcta pero: Unha parte significativa é correcta e está ben expresada.	Resposta correcta, ben expresada pero non suficientemente detallada	Resposta correcta, ben expresada e suficientemente detallada

NOTAS.

-Todo resultado sen xustificar nunha proba escrita poderá non ser tido en conta.

-Todo número ou signo ambiguo tal que non sexa posible determinar o verdadeiro valor que se quixo reflectir (por exemplo a partir dos pasos posteriores) será considerado como un erro.

RÚBRICA R3 PARA A CORRECCIÓN DE TAREFAS INDIVIDUAIS NA MATERIA DE MATEMÁTICAS RECREATIVAS

	[0, 3) PUNTOS	[3,5) PUNTOS	[5,7) PUNTOS	[7,10) PUNTOS	10 PUNTOS
Producción material	Non o fai OU O que fai non ten sentido. OU Ningunha parte significativa do proceso é correcta.	Produción incorrecta ou incompleta pero unha pequena parte significativa é correcta, minimamente detallada.	Produción incorrecta ou incompleta pero unha parte significativa é correcta e medianamente detallada.	Fai o que se pide, de forma correcta pero non esmerada	Fai o que se pide, de forma esmerada.
Resolución dun reto	Non o fai ou O que fai non ten sentido. ou Ningunha parte significativa do proceso é correcta. ou Dáse unha solución sen xustificación	Proceso incorrecto ou incompleto pero unha mínima parte significativa é correcta, minimamente detallada e cunha expresión aceptable.	Proceso e/ou resultado incorrecto ou incompleto pero unha parte significativa da resolución correcta, suficientemente detallada e ben expresada.	Proceso e/ou resultado incorrecto ou incompleto por erros non significativos.	Proceso correcto e moi ben detallado con boa expresión. Resultado correcto.

NOTAS:

- As rúbricas que aquí aparecen son susceptibles de ser melloradas e/ou modificadas nas sucesivas revisións da programación que teñen lugar ao longo do curso académico.
- POSTO QUE A PROGRAMACIÓN DE DEPARTAMENTO É UN DOCUMENTO DINÁMICO, É SUSCEPTIBLE DE SER MODIFICADO AO LONGO DO CURSO (PARA ADAPTARSE Ó NIVEL E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO, INCLUINDO NOVAS METODOLOXIAS E/OU MODIFICANDO A TEMPORALIZACIÓN E/OU SECUENCIACIÓN DE ESTÁNDARES).